



## MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE VECIÑANZA PARA A INTERVENCIÓN CONTRA AS ENCHENTES PRODUCIDAS POLOS DESBORDAMENTOS DO RÍO GALLO NO CENTRO DA VILA

---

Ao pleno da Corporación de Cuntis

---

Saleta Fernández de la Torre e Santi Martínez López, na nosa condición de concelleiros do Grupo Municipal de Veciñanza, ao abeiro do disposto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais presentan diante do Pleno da Corporación Municipal a seguinte MOCIÓN:

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

De xeito recorrente moitos veciños e veciñas de Cuntis están a sufrir os estragos producidos polas enchentes do río Gallo e algúns dos seus afluentes, motivo polos que dende o Concello se aprobaron distintas mocións para instar ás Administracións implicadas na súa solución a que adoptaran as medidas oportunas para evitar estes danos. A seguir presentamos unha breve cronoloxía:

- No pleno do 27/12/1996 debatiuse unha moción de apoio aos veciños/as sobre as enchentes da rúa Bernardo Sagasta, solicitando un estudo sobre esa problemática, así como a forma en que afectaría no futuro a variante da estrada N-640. Recoñécense unha serie de circunstancias que dan orixe a este problema, tales como o colector da Rúa da Presiña que vai a Bernardo Sagasta, a depuradora que recolle augas do río, etc.
- No mes de abril de 1997, o enxeñeiro D. Julio Amado Silva redacta un informe no que propón solucións ao problema baixo o cumprimento dunha serie de puntos indicados.
- Naquela altura, ADEGA (Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza) denunciaba diante do presidente do organismo Augas de Galicia do agravamento do problema por mór das obras da variante da estrada N-640, xa que a vía réstalle cauce ao río e actúa de barreira illando deste as zonas húmidas que viñan actuando de "esponxa", mingando así os efectos das riadas.
- Asemade, o Ministerio de Fomento en contestación ao Concello ante a reclamación feita por



este sobre as incidencias da obra da variante, sulíñaba que o afluente do río Gallo sálvase mediante dous tubos de drenaxe transversal de 1,00 m de diámetro.

- Nos anos 2000 e 2001 seguen a producirse inundacións en todas as casas da rúa Bernardo Sagasta.
- Ante isto o concello de Cuntis decide por fin encargarse un estudo para determinar as afeccións que provocan as riadas e as súas posibles solucións. O devandito estudo, realizado polo enxeñeiro D. Gonzalo Picola Tayán e presentado publicamente en setembro de 2001, achega solucións ao problema calculando un investimento de 739.625,01 €.
- Lonxe de arranxarse o problema, e como consecuencia das fortes choivas rexistradas nos meses de novembro e decembro de 2006, o desbordamento do Río Gallo e os seus afluentes provocan cuantiosos danos materiais, tanto nas casas e instalacións privadas como públicas. O mesmo aconteceu en decembro de 2009, xaneiro de 2011 e novembro de 2013.
- Na visita do conselleiro de Medio Ambiente a Cuntis o 5 de novembro de 2013, anunciou que o seu departamento estaba a realizar un estudo de todas as zonas inundables de Galicia, pero Agustín Hernández non se comprometeu, nin anunciou obra ou investimento ningún para solucionar este problema en Cuntis.
- En xaneiro de 2014 volven a producirse inundacións e no pleno do 31/01/2014 aprobouse unha moción na que se acorda:

1. *Solicitar a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas o saneamento do Río Gallo, para previr e evita-los danos debidos as enchentes e asolagamentos*
2. *Esixirle ao Ministerio de Fomento unha solución, xa que como se puido comprobar, en reiteradas ocasións, a tubaxe do regato de Calvos que cruza a estradas n-640 (vella e actual) a través de dúas tajeas (unha de 2 Ø 80 cm. e outra de 2 Ø 100 cm.) ten un dimensionado insuficiente para absorber todo o caudal nos días de choiva, provocando o efecto presa.*
3. *Esixir a Augas de Galicia a limpeza do Río Gallo e afluentes, ante a cantidade de arbores e maleza que invaden as súas canles.*



A contestación do Sr. Conselleiro a dita moción foi a seguinte:

*"Estimado Alcalde:*

*Escribolle en resposta ao seu escrito de 14 de febreiro de 2014, no que trasladaba o acordo plenario de 31 de xaneiro de 2014 referente ás enchentes producidas polo río Gallo e os seus afluentes.*

*Como lle trasladaba na miña carta do pasado 1 de febreiro de 2013, o Río Gallo ao seu paso polo núcleo de Cuntis está identificado por Augas de Galicia como Area con Risco Potencial Significativo de Inundación (ARPSI), de acordo cos criterios da Directiva 2007/60/CE, relativa á avaliación e xestión dos riscos de inundación. En concreto, foi catalogado co código ESO14-PO-04-02-08, Como tal, para este tramo do río estanse a elaborar os mapas de perigosidade e risco por inundacións, que serán en 2014 sometidos a consulta pública e estarán dispoñibles para o concello. Mantense ademais o compromiso de contar para 2015, de acordo co calendario establecido na Directiva, co Plan de Xestión de Risco de Inundacións, no que se detallarán as medidas estruturais e de xestión que é necesario adoptar"*

- A pesares de todos estes antecedentes, no DOG do 08/09/2014 publícase a Resolución do 19/08/2014 pola que se anuncia a apertura do período de consulta pública dos mapas das áreas de risco potencial significativo de inundacións (ARPSI) no que, consultados os distintos mapas de perigosidade e risco a zona sinalada nos mapas coma o Km 217 da N-640, onde desembocan o río da Patela e o río de Calvos no río Gallo quedan totalmente excluídas, tanto do mapa de perigosidade coma dos mapas de risco. Este recoñecemento é a base para a programación dos investimentos da Consellaría. É máis, á vista da contestación do Sr. Conselleiro, intúese que Cuntis sí que aparecía no ARPSI, e sen máis foi excluída.
- Dende a Consellaría de Medio Ambiente Territorio e Infraestruturas recordóuselle ao Sr. Alcalde de Cuntis o 28/10/2014 o seguinte:

*"Dado que o seu concello téñ áreas de Risco Potencial Significativo de Inundación (ARPSIs) delimitadas no seu contorno, invitámoslle a consultar a información exposta, agora en exposición pública, e a enviar as alegacións ou comentarios que estime oportuno seguindo as especificacións definidas no DOG da convocatoria. (Rexistro de entrada no Concello de Cuntis nº 5053/2014)".*



- Coidamos que as únicas alegacións a esta exclusión do Concello de Cuntis foron as presentadas pola actual concelleira Saleta Fernández de la Torre e outros concelleiros/as da lexislatura anterior nas que se esixía a inclusión do concello de Cuntis nesos mapas de risco e perigosidade: concretamente o río Gallo e os regatos de Calvos e da Patela.

Despois de todo o exposto só se xustifica a exclusión de Cuntis por un criterio político, que fixou as actuacións no río Umia entre Caldas e Cambados exclusivamente. Datos técnicos e coñecemento das necesidades deste concello teñen dabondo.

Para máis escarnio, Augas de Galicia contesta ás alegacións presentadas, (Rexistro de saída 23/12/2015) e recibidas o día 08/01/2016, estando Cuntis anegado, vén a dicirnos:

*En relación as medidas propostas: saneamento do Río Gallo e afluentes, aumento da tubaxe do regato de Calvos e a inclusión do Km 217 da N-640 onde desemboca o río da Patela e o río de Calvos, no río Gallo, que nos mapas de risco e perigosidade incluíronse as zonas con maior risco e que DENTRO DE 6 ANOS, CANDO SE ACTUALICEN , COMO É REGULAMENTARIO ESTES MAPAS DE RISCO E PERIGOSIDADE SE TERÁN EN CONTA ESTAS PROPOSTAS.*

A Administración do Estado ten coñecemento, no que lle atinxe (Regato de Calvos), dos problemas que está a ocasionar a falta de capacidade da tubaxe instalada no seu día. Mesmo ten constancia dos danos que ocasiona posto que o Consorcio de Compensación de Seguros indemnizou a moitos veciños/as de Cuntis polos danos ocasionados debido aos reiterados asulagamentos.

Nesta ocasión algunha das vivendas sufriu o refluxo de augas fecais que coidamos pode vir provocado polo propio tanque de tormentas.

Asimesmo, e sen chegar a rebordar o río Gallo, a rúa Bernardo Sagasta xa sufriu problemas na rede de saneamento, con atoamentos que provocaron verquidos de augas residuais, o que vén a confirmar que a actuación realizada pola Xunta de Galicia foi deficiente ao non dimensionar correctamente a rede de sumidoiros e as súas necesidades. É obvio que procede unha nova actuación na mesma.

Está tamén pendente a construción da nova depuradora, prevista ao lado da actual. O día 27/09/2014 o Director da Axencia Galega de Infraestruturas anuncia que dado que o Concello non foi quen de acadar os terreos para a nova depuradora será a Xunta a que se encargue da adquisición dos mesmos (Diario de Arousa 27/09/2014). Xa van 16 meses dende o anuncio.



Á vista do relato exposto é evidente que por parte da Xunta de Galicia estase a ningunear a este concello, con anuncios de investimentos que só existen na propaganda e no papel, polo que é imprescindible manter unha xuntanza con todos os responsables para dunha vez por todas solucionar esta problemática.

**POR TODO O EXPOSTO, E ANTE A URXENTE NECESIDADE DE ADOPTAR MEDIDAS REAIS PARA ABORDAR ESTE PROBLEMA, PROPOÑEMOS Á CORPORACIÓN MUNICIPAL O SEGUINTE ACORDO:**

- Esixir unha reunión cos responsables de Augas de Galicia, Axencia Galega de Infraestruturas, Delegado Territorial da Xunta e os grupos municipais nos que se concrete con datos, orzamentos e compromisos as actuacións necesarias para evitar definitivamente os danos que tanto en bens privados coma públicos nos están a causar estes asulagamentos.
- Esixir os investimentos necesarios para solucionar o problema de saneamento da Rúa Bernardo Sagasta
- Considerar o cambio de ubicación da depuradora para afastala máis do núcleo de poboación da aldea de Meira e ubicala máis perto da desembocadura do río Gallo. Cómpre ter en conta que probablemente fose máis doada a adquisición dos terreos necesarios.
- Esixir ao Ministerio de Fomento que solucione definitivamente o problema xa advertido antes da construción da variante, e ignorado polos técnicos, do paso do río de Calvos por debaixo da N-640.

Cuntis, 21 de xaneiro de 2015

Saleta Fernández de la Torre

Santi Martínez López